



Novas da Xunta de Galicia

Está vostede en [Inicio](#) » [Novas da Xunta de Galicia](#)

Busca

Áreas temáticas

[Administracións
Públicas](#)[Agricultura e
gandería](#)[Benestar](#)[Comunicación](#)[Cultura](#)[Deportes](#)[Economía](#)[Educación](#)[Emigración](#)[Facenda](#)[Igualdade](#)[Industria](#)[Lingua](#)[Medio Ambiente](#)[Novas Tecnoloxías](#)[Pesca](#)[Sanidade](#)[Territorio e
Infraestruturas](#)[Traballo](#)[Turismo](#)[Vivenda](#)[Xustiza](#)[Xuventude](#)

Asinouse en Santiago o acordo de colaboración do proxecto "Adaptaclima" para o desenvolvemento de medidas de adaptación ao cambio climático

- ❖ Foi proposto polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e participan representantes de Galicia, Cantabria, País Vasco, Andalucía, Extremadura, Francia e Portugal
- ❖ O proxecto insírese no programa de Cooperación Territorial Espacio Sudeste Europeo (Interreg SUDOE)
- ❖ A Unión Europea financiará o 75 por cento do orzamento total, que ascende a 1.293.993,33 euros

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2009.- O acordo de colaboración para o desenvolvemento do proxecto "Adaptaclima" no que participa o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) xunto con organismos de España, Francia e Portugal asinouse hoxe en Santiago de Compostela, no transcurso da primeira xuntanza celebrada por tódolos participantes co obxectivo de poñer en marcha os traballos.

O proxecto Adaptaclima insírese no Programa de Cooperación Territorial Espacio Sudeste Europeo (Interreg SUDOE) e será financiado nun 75 por cento pola Unión Europea. O orzamento total do programa é de 1.293.993,33 euros, dos que a UE achegará 970.495 euros.

O obxectivo principal do programa é promover e desenvolver medidas de adaptación da sociedade aos futuros escenarios derivados do cambio climático e contribuír a concienciar á poboación sobre as consecuencias reais do cambio climático e amortecer o impacto negativo do mesmo nos aspectos económicos e sociais.

As principais actividades deste proxecto de cooperación son o cálculo dos escenarios climatolóxicos nas áreas de intervención; definir os cambios e estudar os impactos previstos; e definir un plan de adaptación aos escenarios previstos. Neste contexto, os principais resultados que se espera obter nos próximos dous anos, son, entre outros:

- Un sistema de predicións climáticas de alta resolución das áreas de intervención seleccionadas.
- Modelos climáticos de escala rexional.

Arquivo de noticias

Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do
			9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22				

Ligazóns

[Arquivos de imaxes](#)

Fonte

[Presidencia](#)[Consellería de
Presidencia,
Administracións
Públicas e Xustiza](#)[Consellería de
Economía e Industria](#)[Consellería de Medio
Ambiente, Territorio
e Infraestruturas](#)[Consellería de
Educación e
Ordenación
Universitaria](#)[Consellería de
Facenda](#)[Consellería do Medio
Rural](#)[Consellería de
Cultura e Turismo](#)[Consellería de
Sanidade](#)[Consellería do Mar](#)[Consellería de
Traballo e Benestar](#)

- Estudos exhaustivos sobre os posibles cambios producidos polo cambio climático, nas infraestruturas e nas edificacións; así coma o seu impacto na socioeconomía dos territorios.
- Directrices locais dirixidas a orientar a adaptación ás consecuencias do cambio climático.
- Unha estratexia conxunta de xestión ambiental, ampliable a outros territorios do espazo SUDOE.

No programa participan a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, a Mancomunidad de Municipios Sostenibles de Cantabria, NEIKER (Instituto Vasco de Investigación y Desarrollo Agrario), ADESVAL (Agencia de Desarrollo del Valle de Alagón) e a Junta de Andalucía, o CETE (Centre d'études Techniques Sud Ouest), a Chambre d'Agriculture de la Dordogne e AMAVE (Associação de Municipios do Vale do Ave).

Data: **17:19 - 21/07/2009**

Áreas temáticas: [Área de Medio Ambiente](#) | [Área de Territorio e Infraestruturas](#)

Fonte: [Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas](#)



© Xunta de Galicia. Información mantida e publicada na internet pola Xunta de Galicia.

[Información administrativa e atención ao cidadá](#) | [Suxestións e queixas](#) | [Aviso legal](#) | [Atendémolo/a](#)